

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 8 DE NOVEMBRO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a oito de novembro de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as trece

horas quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 4 de novembro de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO ÚNICO DO SECTOR ÚNICO DO S.UR.ND.I-1

I – ANTECEDENTES

1º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 3 de maio de 2018, foi aprobado definitivamente o PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO ÚNICO DO SECTOR ÚNICO DO S.UR.ND.I-1, presentado pola

Xunta de Compensación e redactado polo arquitecto Don Leandro del Río Regos, con data novembro de 2017.

2º.- A Xunta de Compensación, como promotora do proxecto, constituíu ante este Concello, antes do inicio das obras e como garantía do exacto cumprimento dos deberes de execución do proxecto, aval bancario da entidade financeira ABANCA COPRORACIÓN BANCARIA S.A., de data 22/05/18, por importe de CENTO UN MIL CATROCENTOS QUINCE EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (101.415,06 €) – Rexistro núm. [REDACTED].

3º.- Con data 14 de xaneiro de 2020 asinouse a preceptiva acta de reformulación e inicio das obras.

4º.- A Xunta de Compensación presenta ante o Concello en datas 7 de agosto de 2024 (RE-E núm. 452) e 4 de novembro de 2024 (RE-E núm. 627) a documentación final de obra e un anexo á mesma, respectivamente. A documentación achegada inclúe memoria, medición e custe final, planimetría e fotografías da obra, anexos e documentos independentes. Entre este últimos achéganse, entre outros, os seguintes:

- Acta de conformidade (fin de obra) da conexión da urbanización coa estrada PO-533 Lalín – Alto do Faro, emitida polo Servizo Provincial da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia en data 08/02/23.
- Acta de recepción da obra de conexión da urbanización coa estrada PO-533 asinada polo director de obra e os representantes da empresa construtora e a entidade promotora das obras, de data 02/05/22.
- Certificado final da obra de conexión da urbanización do polígono único S.UR.ND.I-1 coa estrada PO-533, emitido por Don José P. Gosende Tuñas, enxeñeiro de camiños, canais e portos, asinado en data 03/01/24.
- Acta de recepción da obra de urbanización do polígono asinada polo director de obra e os representantes da empresa construtora e a entidade promotora das obras, en data 10/07/23.
- Certificado final da obra de urbanización, redactado polo arquitecto Don Leandro del Río Regos, asinado dixitalmente en data 11/07/23.

5º.- As obras de urbanización dispoñen dos seguintes informes favorables:

ORGANISMO	AUTORIZACIÓN OU INFORME	DATA DE EMISIÓN
Augas de Galicia	Autorización de execución das obras de urbanización do polígono S.UR.ND.I-1	02/04/19
Augas de Galicia	Autorización de vertido ao Río Arnego	28/02/22
Augas de Galicia	Modificación de concesión de augas procedentes do río Arnego	14/05/24
Consellería de Infraestruturas e Vivenda	Autorización de obras de conexión da urbanización do polígono S.UR.ND.I-1 coa estrada PO-533	07/11/17
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	Autorización de modificación do proxecto conexión da urbanización do polígono S.UR.ND.I-1 coa estrada PO-533 para o cruzamento dos servizos de subministración eléctrica e telecomunicacións a través do paso inferior existente	24/06/21
Consellería de Economía, Emprego e Industria	Autorización administrativa e autorización administrativa de construción da instalación eléctrica denominada: LMTS CS POLIGONO S.UR.ND.I-1	20/06/19
Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación	Autorización administrativa e autorización administrativa de construción da instalación eléctrica denominada: Modificado do proxecto "LMT CS Polígono S.UR.ND.I -1".	14/09/21
Consellería de Economía, Emprego e Industria	Autorización administrativa e autorización administrativa de construción da instalación eléctrica denominada: CT-2 Polígono S.UR.ND.I-1	20/06/19
Consellería de Economía, Emprego e Industria	Autorización administrativa e autorización administrativa de construción da instalación eléctrica denominada: CT-3 POLIGONO S.UR.ND.I-1	20/06/19
Consellería de Sanidade	Informe sanitario favorable ao proxecto de ampliación da rede de abastecemento de Rodeiro ata o polígono industrial de nova creación	17/08/21

6º.- Consta no expediente informe favorable á recepción da obras emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias en data 06/11/24.

II – NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana (TRLR).
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG).
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Rodeiro, aprobado definitivamente por Orde do 2 de marzo de 2009 da extinta Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte e publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 59, correspondente ao día 26 de marzo de 2009.
- Plan de Sectorización do Solo Urbanizable Non Delimitado Industrial (S.UR.ND.I-1), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en data 1 de xullo de 2013 e publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 150, do 07/08/13. As ordenanzas do Plan aprobado foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 156, correspondente ao día 16 de agosto de 2013.
- Proxecto de Compensación, aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local en data 19 de novembro de 2014.
- Proxecto de Urbanización, aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local en data 3 de maio de 2018.

III – CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- De conformidade co disposto no artigo 96 da LSG e 223 do RLSG, os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidos no planeamento e non poderán modificar as previsión do planeamento que desenvolvan, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións exixidas pola execución material das obras, respectando, en todo caso, as condicións de accesibilidade.

Segunda.- Pola súa banda o artigo 7.4 do TRLS establece que a terminación das actuacións de urbanización producírase cando conclúan as obras urbanizadoras de conformidade cos instrumentos que as lexitiman, téndose cumpridos os deberes e levantado as cargas correspondentes.

Terceira.- As recepcións expresas deberán formalizarse nun acta de cesión das obras de urbanización (artigo 231.2 do RLSG).

Cuarta.- De acordo co disposto no artigo 96 da LSG, a garantía non será devolta ou cancelada ata que, producida a recepción das obras, transcorrese un ano de garantía das obras. O incumprimento polo promotor do sistema das obrigas de urbanización, incluso no prazo de garantía, provocará a incautación por parte do municipio da garantía prestada para satisfacer as responsabilidades derivadas da execución das obras de urbanización, sen prexuízo da facultade que asiste ao municipio de dirixirse contra o promotor no caso de que a garantía non resultase suficiente para atender as responsabilidades expostas. Durante o prazo de garantía o promotor responderá de cantos defectos e vicios de construción sexan apreciados, debendo reparalos ou corrixilos.

Quinta.- A conservación da urbanización, unha vez recepcionadas as obras, corresponderá ao Concello (artigo 96.6 da LSG).

Sexta.- O órgano competente para resolver é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

IV – ACORDO

Debidamente informados/as de canto antecede, e de conformidade do informe técnico municipal que acredita que as obras urbanizadoras atópanse rematadas e en bo estado e que son conformes co proxecto aprobado, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a recepción das obras incluídas no PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO ÚNICO DO SECTOR ÚNICO DO S.UR.ND.I-1, presentado pola Xunta de Compensación e redactado polo arquitecto Don Leandro del Río Regos, con data novembro de 2017.

Segundo.- A recepción deberá formalizarse nun acta de cesión das obras de urbanización que deberá ser asinada, en representación da Xunta de Compensación, por un representante acreditado desta, así como polo director facultativo das obras. En representación do Concello asinará o alcalde, o arquitecto técnico municipal e o secretario-interventor.

Terceiro.- O importe constituído en concepto de garantía do exacto cumprimento dos deberes de execución do proxecto de urbanización non será devolto ou cancelado ata transcorrido un ano da sinatura da preceptiva acta de cesión das obras.

Cuarto.- Asumir de xeito efectiva a conservación da urbanización unha vez recepcionadas as obras.

Quinto.- Notificar o presente acordo á Xunta de Compensación e aos demais interesados no procedemento.

3.- CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA MUNICIPAL

ANTECEDENTES

1º.- Con data 13 de xuño de 2024, a Xunta de Goberno Local adxudicou á sociedade NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L. o contrato de obras para a execución do investimento denominado *“HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO”*.

2º.- A preceptiva acta de comprobación do reformulo asinouse o día 10 de xullo de 2024, fixándose o prazo de execución da obra adxudicada en catro (4) meses, contados a partires do día da sinatura de dito documento.

3º.- En data 7 de novembro do corrente (RE-E núm. 635), Dona María Oliva Fernández Hermo, na representación da sociedade adxudicataria, solicita unha ampliación do prazo de execución da obra polos motivos que especifican no escrito de solicitude.

4º.- A dirección facultativa das obras emite, con data 08/11/24, informe favorable á prórroga solicitada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 193 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), dispón literalmente: *“O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva”*.

Segundo.- O artigo 195.2 do citado texto legal establece que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos ampliando o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder á adxudicataria NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L. unha ampliación, ata o día 10 de xaneiro de 2025, no prazo de execución da obra denominada “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO”.

4.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DESTINADA AO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE SOCORRISMO NA PISCINA MUNICIPAL

En relación á subvención outorgada pola Dirección Xeral de Administración Local, por resolución de data 26/07/24 e por importe de 4.893,83 €, para o financiamento do servizo de socorrismo na piscina municipal, ao abeiro da Orde do 27 de maio de 2024 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 105, do 31/05/24), procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

- Subvención concedida: 4.893,83 €
- Gasto realizado:

TRABALLADOR	SALARIO	SEGURIDADE SOCIAL	TOTAL
Hugo Diéguez Codesal	3.923,57 €	1.306,44 €	5.230,01 €
Alejandro Bernárdez Vilar	3.044,14 €	1.059,78 €	4.103,92 €
TOTAL	6.967,71 €	2.366,22 €	9.333,93 €

- Cantidade xustificada: 9.333,93 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Dirección Xeral de Administración Local, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

5.- ALTA DE ASOCIACIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

De conformidade co previsto no artigo 4 do Regulamento do Rexistro municipal de asociacións e entidades sen ánimo de lucro do Concello de Rodeiro, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 26 de abril de 2005 e publicado no BOP núm. 155, correspondente ao día 12 de agosto de 2005, e vista a solicitude de inscrición presentada pola asociación que deseguido se sinala (RE-E núm. 603, do 23/10/24), quen acredita cumprir cos requisitos esixidos e achega a documentación requirida no devandito Regulamento, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/asa Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

APROBAR a alta e inscrición no Rexistro municipal de asociacións e entidades sen ánimo de lucro do Concello da asociación seguinte:

INSCRICIÓN NÚM. 35

- DENOMINACIÓN: ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SAN PAIO DE RODEIRO
- CIF: ██████████

- DOMICILIO: Lugar de San Paio núm. 1.- Parroquia de San Paio de Senra
- NÚM. INSCRICIÓN NO REXISTRO PROVINCIAL DE ASOCIACIÓN DE PONTEVEDRA: [REDACTED]
- REPRESENTANTE: Don Pablo Cuñarro Fernández

6.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA POR IT

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona María Carmen Diéguez Calvo, traballadora laboral do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, causou baixa laboral por incapacidade laboral (IT), derivada de enfermidade común, en data 24 de outubro do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2024, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para

ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ VANESSA FRANCIELLY ACIOLY DE SANTANA, con NIE núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), durante o tempo que dure a situación de baixa laboral por IT da traballadora María Carmen Diéguez Calvo.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

7.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN POR COBRO INDEBIDO

VISTO o escrito que deseguido se sinala, polo que solicita a devolución do abonado indebidamente no concepto de Taxa pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), correspondente ao terceiro trimestre de 2024, por mor de erro na liquidación practicada en data 15/10/24, así como o informe emitido ao respecto pola traballadora social municipal Dona Tamara García Fuentes. A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade, reintegrar a favor da usuaria a cantidade reclamada, en concepto de devolución por cobro indebido:

SOLICITANTE	DNI	DATA	REXISTRO ENTRADA	CONCEPTO	IMPORTE A REINTEGRAR
INÉS ESTHER CALVO CUÑARRO	[REDACTED]	22/10/24	2024-E-RC-1727	TAXA SAF 3ºT/2024	27,79 €

8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 150,34 € E 525,14 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7DQ0001528 e TA7DQ0001529 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 €, 0,00 € E 26,14 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-K4DD-004313, 28-K4DD-043599 e 28-K4M0-057048 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 551,98 €
Por seguro anual de vehículo municipal, s/factura núm. 75202419900020007952 (FACe).
- ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA IMAXINARIUM 2.920,00 €
Por desenvolvemento do programa “*Concilia en período lectivo 2024*” no mes de outubro de 2024, s/factura núm. 0008/0000002 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as trece horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)